

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000247	CPI de Cova Terreña	Baiona	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Cultura clásica	3º ESO	3	105

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e análise sobre as bases nas que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciábel para a cidadanía europea. A impartición desta materia na sección bilingüe (en lingua inglesa) tamén lle permitirá ao alumnado aumentar os coñecementos e as destrezas lingüísticas en linguas estranxeiras, contribuíndo especialmente á lectura comprensiva de textos diversos e á expresión oral e escrita.

- O entorno: o centro educativo CPI de Cova Terreña está situado no concello de Baiona, ao Sur da provincia de Pontevedra. Un municipio, turístico e mariñeiro, situado na parte meridional da Área Metropolitana de Vigo, ao sur das Rías Baixas. Este municipio, hermanado cunha serie de Pobos Colombinos polo feito histórico do descubrimento, como son Palos de la Frontera (Huelva), Santa Fe de la Vega (Granada), Pornic (Francia), Rafael Dieste (Cuba), Vila do Bispo (Portugal), aspira, nun futuro, a ser declarado Patrimonio da Humanidade, pola UNESCO. O seu centro histórico, que conserva multitude de rincóns medievais e acolle aos principais monumentos da vila, foi declarado "Conxunto de interese Histórico Artístico" pola Xunta de Galicia, o 1 de marzo de 1993. Xunto a el, a festa da Arribada, acaba de ser declarada como "Festa de Interese Turístico Internacional" pola Secretaría de Estado do Ministerio de industria, Enerxía e Turismo, o 5 de novembro de 2015.

- O entorno inmediato aporta numerosos recursos a nivel didáctico, desde un punto de vista xeográfico, histórico-artístico e patrimonial: os montes da Groba, a península de Monte Boi, o espazo natural protexido da Foz do río Miñor, a existencia dun estaleiro que construía embarcacións para a Armada Real, a primeira noticia do descubrimento no vello mundo trala arribada da carabela Pinta a Baiona, a importancia do seu porto na Idade Media, a construción dun castelo baluarte de Monterreal para o tráfico mercantil e marítimo, o asedio de Portugueses e Ingleses no século XIV, a ruta medieval de peregrinación (camiño portugués da costa), a ex-colexiata de Santa María, o cruceiro da Santísima Trindade, a Igrexa de Santa Liberata, a fonte de Ceta, a Virxe da Rocha, a estación de petroglifos denominada *¿Outeiro dos Lameiros¿*, entre outros.

- A situación socioeconómica e cultural do alumnado: a procedencia do noso alumnado é maioritariamente do centro da vila, aollendo ao alumnado do CEIP de Belesar na etapa de Educación Secundaria, o 4,42% da matrícula do centro, que é transportado nunha única liña de autobús (20 alumnos/as). A presenza de alumnado de procedencia estranxeira non é significativa (2,40%, 11 alumnos e alumnas). Ao inicio do curso contamos con aproximadamente 452 matrículas no centro, dos cales ao redor de 180 son alumnado de secundaria. Hai unha proporción equilibrada entre alumnos (228) e alumnas (224) que teñen como lingua materna, maioritariamente, o castelán, sendo o galego deostado en moitas ocasións.

O alumnado posúe características socioculturais e socioeconómicas diferentes. A maioría das familias sitúanse nun rango medio-baixo no tocante aos parámetros socioeconómicos e culturais. Curiosamente a actividade económica non responde ao esquema habitual de zona costeira, pois unha alta porcentaxe da poboación activa relaciónase co sector terciario e secundario. Baiona é unha vila de marcado carácter turístico e o sector servizos ten unha importancia elevada. Non existe practicamente tecido industrial en Baiona, debido á proximidade doutros focos industriais como os de Nigrán, Gondomar, Vigo e Porriño. A construción, tras sufrir un importante incremento nos últimos anos debido ao sector turístico que demandaba un crecente número de vivendas secundarias ou de aluguer, nestes momentos diminuíu de forma moi importante a súa actividade por mor da crise económica.

Pódese afirmar que, en xeral, o alumnado ten pouco hábito de traballo e estudo pero, a pesar diso, non existen grandes desfases no nivel de coñecementos correspondentes. Unha porcentaxe pequena do alumnado do centro ten adaptación curricular. Por último, até agora, non se detectaron graves problemas de conduta nin afectivos que sexan susceptibles de mención neste documento.

- O centro educativo: o CPI de Cova Terreña é un centro público integrado dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia no que se imparten tres etapas educativas: educación infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria. O Claustro está composto por 53 membros, incluíndo dúas docentes compartidas co noso centro para suplir horas de Relixión Católica, onde o 13,72% do profesorado está en situación provisional no centro, situación que mellorou moito respecto de anos anteriores tras ser adxudicado profesorado con destino definitivo de Ed.Secundaria.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	2		4			1		
OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.				2	3-4-5			1-2
OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.								1-2
OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	2					1-2		
OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	4	2-3						
OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Orixe e evolución da familia lingüística indoeuropea	<ul style="list-style-type: none"> - Tipos de escritura que xurdiron desde a Idade Antiga e os soportes empregados para tal fin. - Funcións sociais, culturais e económicas da escritura. - A orixe do alfabeto grego e latino. - As linguas que forman parte da familia 	4	7	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Orixe e evolución da familia lingüística indoeuropea	indoeuropea. - A orixe grega e latina do léxico presente nas linguas castelá e estranxeira (inglés).	4	7	X		
2	A Antiga Grecia como berce da democracia	- Marco xeográfico da civilización grega. - Fitos xeográficos e localización de enclaves destacados nun mapa da Antiga Grecia. - Marco histórico e etapas da civilización grega. - Principais características de cada período da Antiga Grecia, prestando especial atención a súa cronoloxía e aos personaxes destacados. - A organización política do mundo clásico en comparación cos sistemas políticos actuais.	7	8	X		
3	O imperio global da Antiga Roma	- Marco xeográfico da civilización romana. - Fitos xeográficos e localización dos enclaves destacados nun mapa do Imperio romano. - Marco histórico e etapas da civilización romana. - Principais características de cada período da Antiga Roma, prestando especial atención á súa cronoloxía e aos seus protagonistas.	9	10	X		
4	A península Ibérica no marco xeográfico e histórico das civilizacións grega e romana	- A pegada de Grecia e Roma na península Ibérica. - Perduración da civilización clásica na contorna.	5	7	X		
5	O legado literario, filosófico e científico da Antiga Grecia e Roma	- Xéneros literarios grecolatinos. - Evolucións terminolóxicas desde o latín e o grego. - Aspectos importantes da historia de Grecia.	15	17		X	
6	Organización política e social do mundo grecorromano	- Organización política do mundo clásico versus os sistemas políticos actuais. - Clases sociais en Grecia e Roma, con especial atención á situación dos escravos. - A situación das mulleres no contexto familiar. - A vida cotiá en Grecia e Roma. - Lecer na Antigüidade en comparación co lecer da actualidade. - Semellanzas e diferenzas entre o deporte na Grecia clásica e na actualidade.	15	13		X	
7	A relixión e a mitoloxía grega e romana	- Deuses e deusas da mitoloxía grecolatina. - Mitos e heroes grecolatinos en comparación con outras culturas e coa situación cultural actual. - A relixión grega versus as relixións monoteístas do presente. - A religiosidade romana, comparando o culto oficial aos emperadores e o culto	15	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	A relixión e a mitoloxía grega e romana	privado dos manes e lares.	15	9			X
8	Manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana	- Características fundamentais da arte clásica. - Trazos da arquitectura grecorromana. - Manifestacións escultóricas da arte grega e romana. - Creacións urbanísticas romanas. - Principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	15	11			X
9	Léxico de uso común e de interese para o alumnado relativo ao mundo clásico	- Evolución das linguas castelán, galego e inglés desde o latín. - Terminoloxía científico-técnica e lingüística-social derivada do mundo clásico. - Fraseoloxía grecolatina.	15	23	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Orixe e evolución da familia lingüística indoeuropea	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	Coñecer a familia indoeuropea e as principais linguas que se derivaron a partir dela, establecendo relacións entre as linguas grecolatinas e as linguas vernáculas e estranxeiras que son empregadas en España.	PE	40
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	Recoñecer a existencia de distintos tipos de escritura e ser consciente da importancia dos alfabetos grego e latino na conformación das linguas actuais.	TI	60

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. - Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino. - As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. - As linguas romances. - Composición e derivación culta de orixe grega e latina.

UD	Título da UD	Duración
2	A Antiga Grecia como berce da democracia	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Establecer relacións entre a posición xeográfica de Grecia e a súa situación política e socioeconómica.	PE	40
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Describir o contexto político e socioeconómico no que tiveron lugar os principais acontecementos da Antiga Grecia.		
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Localizar nun mapa os principais enclaves do mundo grego na Idade Antiga.	TI	60
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Interpretar unha liña do tempo da Antiga Grecia na que se sitúen os principais acontecementos e personaxes históricos, asociándoos ás distintas etapas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.

UD	Título da UD	Duración
3	O imperio global da Antiga Roma	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Analizar a influencia do marco xeográfico no desenvolvemento económico, social e cultural da civilización romana.	PE	40
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Analizar o contexto histórico no que se desenvolveu a civilización romana.		
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Identificar a localización dos principais enclaves da civilización romana.	TI	60
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Describir a relevancia histórica de determinados acontecementos e personaxes da antiga Roma.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.

UD	Título da UD	Duración
4	A península Ibérica no marco xeográfico e histórico das civilizacións grega e romana	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Procurar en medios dixitais os aspectos que identifican o proceso de romanización.	TI	100
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Recoñecer o legado histórico deixado pola cultura grecolatina en España e Galicia.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Realización dunha exposición oral sobre as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
5	O legado literario, filosófico e científico da Antiga Grecia e Roma	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	Realización dun vídeo sobre un personaxe destacado do legado grecorromano.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.

UD	Título da UD	Duración
6	Organización política e social do mundo grecorromano	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	Establecer nun esquema social a distribución das clases sociais das civilizacións grega e romana.	PE	40
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	Identificar o papel da muller no contexto familiar das civilizacións grega e romana.		
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	Describir as formas de vida da antiga Grecia e Roma.		
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Describir a organización política das civilizacións grega e romana, establecendo unha comparación cos sistemas políticos actuais.	TI	60
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Comparar as formas de lecer da Antigüidade coas da actualidade.		
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Establecer unha comparativa entre os xogos olímpicos da antiga Grecia e os actuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións.
- Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude.
- A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller.
- Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.
- Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.

UD	Título da UD	Duración
7	A relixión e a mitoloxía grega e romana	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Recoñecer os atributos dos deuses e deusas do panteón grecorromano a partir da análise de representacións pictóricas ou escultóricas.	PE	40
CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Comparar as distintas formas de relixiosidade exercidas na antiga Roma, centrándose no culto aos emperadores e o culto a Lares, Manes e Penates.		
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Realizar un proxecto de investigación sobre a relixiosidade grecorromana.	TI	60
CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	Establecer unha comparativa entre as manifestacións relixiosas do politeísmo exercido na Grecia antiga e as prácticas relixiosas da actualidade.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Realizar un proxecto de investigación sobre a arte grecorromana.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. - Relixión romana: culto público e privado. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.

UD	Título da UD	Duración
8	Manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Analizar unha obra de arte grecorromana a partir das súas características estruturais e decorativas, sendo capaz de identificar os elementos que influíron nas manifestacións artísticas posteriores.	PE	40
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Recoñecer as características máis significativas dos monumentos arquitectónicos máis importantes que perviven do legado grecorromano.		
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	Recoñecer a temática e características do legado escultórico grecorromano máis importante que se preservou ata os nosos días.		
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	Identificar o legado urbanístico grecorromano na península Ibérica buscando exemplos nos restos que perviven na contorna do centro educativo.	TI	60
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Procurar nun mapa de España e Europa a localización dos restos grecorromanos máis importantes que chegaron ata os nosos días.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Identificar a pervivencia do legado clásico a partir do comentario de diversos exemplos das manifestacións artísticas, sociais e políticas da actualidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos e etapas da arte clásica. - Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. - Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. - Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. - Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.

UD	Título da UD	Duración
9	Léxico de uso común e de interese para o alumnado relativo ao mundo clásico	23

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	Recoñecer a pervivencia do latín no vocabulario das linguas vernáculas e estranxeiras empregadas polo alumnado, sendo capaz de relacionar o termo actual coa súa orixe etimolóxica.	TI	100
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	Identificar o significado dos prefixos e sufixos máis comúns na formación de terminoloxía científico-técnica.		
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	Facer un uso apropiado da fraseoloxía grecolatina que forma parte das linguas vernáculas e estranxeiras empregadas polo alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. - Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. - Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. - Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.

4.1. Concrecións metodolóxicas

- Deseño de metodoloxías eclécticas mediante a realización de tarefas que permitan desenvolver unha aprendizaxe significativa cunha maior implicación do alumnado, sendo este un axente progresivamente autónomo e gradualmente responsable do seu propio proceso de aprendizaxe, a través da realización de proxectos significativos, a aprendizaxe colaborativa, a ludificación e a formulación de situacións de aprendizaxe e retos nos que se contextualicen os saberes básicos.
- Estratexias didácticas expositivas co fin de clarificar os contidos do tema que os estudantes están traballando, promovendo sempre a construción de aprendizaxes significativas que presenten con claridade os novos contidos.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros, etc.) a partir da comprensión lectora e audiovisual de contidos do mundo grecolatino na lingua estranxeira.
- Lectura de textos clásicos ou referidos ao mundo grecorromano (fragmentos de obras orixinais, adaptacións, textos historiográficos etc.) para traballar transversalmente a comprensión lectora en lingua estranxeira.
- Incentivar a participación na aula do alumnado a través da expresión de ideas e reflexións, facendo especial fincapé no desenvolvemento da capacidade comunicativa en lingua estranxeira.
- Dispoñibilidade dunha aula virtual para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos.
- Uso de aplicacións que permitan percorridos virtuais polas localizacións máis destacadas do mundo grecorromano e visualización de vídeos sobre os contidos xeográficos, históricos e culturais do mundo grecorromano.
- Emprego das ferramentas analóxicas e dixitais para a busca de información como ferramenta de traballo, consulta e exercicio interactivo, propiciando con iso o afondamento nas técnicas de investigación, procura, selección e presentación da información tanto de forma oral como escrita ou visual.
- Elaboración de vídeos en inglés que incentiven a competencia comunicativa apropiada na lingua estranxeira, de modo que lle permita ao alumnado comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documental "Como vivían los romanos" (Meet the Romans with Mary Beard).
Canciós sobre personaxes e acontecementos famosos da Antiga Grecia e Roma.
Fichas de traballo en inglés sobre diversos aspectos da xeografía, sociedade, organización política, sistema de crezas e obras arquitectónicas e escultóricas da Antiga Grecia e Roma.
Libro de lectura: BLOOD, Danielle. "15 Greek Myth Mini-Books". Scholastic Teaching Resources. 2001.
Curtametraxes sobre distintas temáticas relacionadas co legado grecorromano presente na sociedade, a arte, a mitoloxía, a literatura, as ciencias ou a filosofía.
Consulta de dicionarios online: Longman Dictionary of Contemporary English, Cambridge Dictionary, Oxford Learner's Dictionaries.
Cultura Clásica 3º ESO, APastor. Departamento de Lenguas y Cultura Clásicas. Código de registro: 1608248998388 (http://clasicassrsa.blogspot.com.es).

O documental "Como vivían los romanos " é unha serie documental de 3 episodios de 50 minutos, que será visualizada en versión orixinal e dobrada ao español, para coñecer o modo de vida do pobo común da Roma imperial a través da resposta a preguntas curtas.

As canciós están producidas e subtituladas en inglés e resumen os aspectos característicos de cada personaxe ou acontecemento. Serán complementadas mediante a creación de comentarios sobre o devandito personaxe ou acontecemento na aplicación "Fakebook" (<https://www.classtools.net/FB/home-page>)

Os relatos mitolóxicos contidos no libro de lectura, "15 Greek Myth Mini-Books", serán complementados co visionado de curtametraxes en inglés que traten sobre os mesmos mitos.

Procedencia das fichas de traballo:

- RUS MARTÍNEZ, Antonio. Ancient Greece. Material AICLE. Junta de Andalucía.
- DE LOS RÍOS SÁNCHEZ, Alberto. Ancient Rome: History and Culture. Material AICLE. Junta de Andalucía.
- www.EasyTeacherWorksheets.com

Enlaces para consultar os dicionarios:

- <https://www.ldoceonline.com>
- <https://dictionary.cambridge.org>
- <https://www.oxfordlearnersdictionaries.com>

Outros enlaces ligados á actividades específicas:

- Mapa dos dialectos presentes no mundo: <https://www.digitaldialects.com/>
- Reconstrución das redes comerciais existentes na Antiga Roma: <https://www.omnesviae.org/>
- A vida cotiá na Antiga Grecia (The British Museum): http://www.ancientgreece.co.uk/dailylife/explore/exp_set.html
- A Acrópole de Atenas (The British Museum): http://www.ancientgreece.co.uk/dailylife/explore/exp_set.html

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Antes de comezar a profundizar na materia, nas tres primeiras sesións do curso serán avaliados os seguintes aspectos:

- Os coñecementos previos do alumnado sobre o mundo clásico, adquiridos na materia de Xeografía e Historia cursada en 1º ESO, mediante a realización dunha proba escrita que recolla aspectos tales como os históricos, culturais, xeográficos e literarios.
- O dominio da lingua inglesa na expresión escrita mediante unha proba de comprensión lectora baseada na resposta a unhas cuestións breves relacionadas cun texto sobre a mitoloxía fundacional de Roma e Gran Bretaña.
- O dominio da lingua inglesa na expresión oral a través da realización dunha ficha de traballo sobre o concepto de patrimonio clásico, establecendo así o nivel lingüístico que servirá como punto de partida para comezar a dialogar na lingua estranxeira.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	4	7	9	5	15	15	15	15	15	100
Proba escrita	40	40	40	0	0	40	40	40	0	26
Táboa de indicadores	60	60	60	100	100	60	60	60	100	74

Criterios de cualificación:

Tratarase dunha avaliación competencial que permita calibrar e servir de orientación nos niveis de adquisición e desempeño das competencias fundamentais, combinando a heteroavaliación (observación directa da dinámica de traballo, realización de probas escritas bilingües e exposicións orais na lingua estranxeira), a autoavaliación e a coavaliación (emprego de rúbricas e guías de corrección na valoración dos traballos entregados na aula virtual e realización de enquisas sobre o proceso de ensino-aprendizaxe).

As porcentaxes que se corresponden con cada instrumento de avaliación son as seguintes:

EXAMES (40%): probas escritas con preguntas de desenvolvemento que versarán sobre os contidos teóricos presentados na lingua estranxeira ou vernácula; preguntas pechadas que tratarán sobre o contido do material audiovisual.

TRABALLO TRIMESTRAL (60%):

- Exposicións orais (20%): están relacionadas cos proxectos de investigación presentes en cada avaliación.
- Portafolio e aula virtual (20%): fichas de traballo, actividades online ligadas á teoría ou ao material audiovisual, as entradas do glosario virtual e os comentarios de blogue.
- Participación (20%): contribucións orais realizadas na lingua vernácula ou estranxeira a partir das lecturas de mitos, a interpretación de obras de arte ou as respostas ás actividades relacionadas cos recursos audiovisuais.

Criterios de recuperación:

Ao rematar a 1ª e 2ª ofrecerase a posibilidade de recuperar a materia suspensa ao alumnado que non acadara unha media de 5 na ponderación resultante das probas escritas (40%) e do traballo trimestral (60%). Nestas recuperacións a nota dependerá tanto dos exames (40%) como do traballo trimestral (60%), tendo que recuperarse aquelas partes nas que non se tivese acadado unha media de 5, polo que o alumnado que non tivese entregado ou realizado os traballos obrigatorios correspondentes á avaliación suspensa, ademais de preparar os contidos das probas escritas,

terá que recuperar o traballo trimestral por medio da realización dun plan de recuperación específico. É preciso sinalar que a porcentaxe da nota deste plan de recuperación será equivalente á das partes do traballo (exposición oral; portafolio e aula virtual; participación) que non foron superadas ou entregadas no prazo correspondente. Ao final da 3ª avaliación terá lugar un exame de recuperación global destinado ao alumnado que ten a materia suspensa cunha nota inferior a 5 como resultado da ponderación da 1ª, 2ª e 3ª avaliación. Esta proba versará sobre os contidos teóricos dos exames realizados ao longo do curso, e a súa cualificación substituirá a nota de todas as probas escritas realizadas ao longo do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que pase de curso coa materia pendente de Cultura Clásica, terá dúas opcións para recuperala:

OPCIÓN A: ELABORACIÓN E PRESENTACIÓN DO BOLETÍN DE ACTIVIDADES DE REFORZO E APOIO (1ª, 2ª e 3ª avaliación de pendentes). A nota máxima a obter na cualificación da materia pendente mediante este procedemento de avaliación será de 5 puntos. A realización de cada boletín terá que cumprir as seguintes normas:

- Coidado na presentación. Orde, limpeza, marxes, normas ortográficas, uso de bolígrafo azul ou negro, nome apelidos e grupo da alumna/o, elaboración das respostas.
- Respostas precisas cando estas se requiran e respostas elaboradas con antecedentes e consecuentes cando a pregunta faga referencia a procesos ou acontecementos complexos.
- Contestar todo o que se pregunta, xa que son os mínimos os que se preguntan.
- A elaboración do caderno ten que ser autoría do alumno/a coa materia pendente.
- Entrega dos boletíns dentro das datas propostas polo departamento.
- Acadar a cualificación de aprobado no boletín de actividades de reforzo realizado polo alumno/a. Esta ten que ser igual ou superior a 5.
- Os alumnos/as que non acaden o aprobado en cada un dos boletíns de actividades de reforzo ou non entreguen algún deles, terán que presentarse á proba escrita global da convocatoria ordinaria segundo o calendario proposto pola Xefatura de Estudos.

OPCIÓN B: PRESENTACIÓN ÁS PROBAS ESCRITAS PARCIAIS DE CADA AVALIACIÓN E/OU Á PROBA ESCRITA GLOBAL NA CONVOCATORIA ORDINARIA. A cualificación destas probas estará entre 0 e 10 puntos e para a súa superación será preciso alcanzar unha cualificación igual ou superior a 5. A nota a obter na cualificación da materia pendente mediante este procedemento de avaliación será a equivalente nas devanditas probas escritas, nas que o redondeo á alza farase a partir de 0.8 decimais. O procedemento a seguir será o que se detalla a continuación:

- Realización das probas escritas parciais en cada avaliación, sendo a nota final de curso a media aritmética das notas obtidas en cada proba.
- Realización da proba escrita global na convocatoria ordinaria no caso de non ter superado todas as probas parciais cunha nota mínima de 4 puntos e non obter unha media de 5 entre todas as probas realizadas. Neste caso, a nota final de curso sería a obtida nesta proba escrita global.

En ambas opcións, o docente elaborará un plan de reforzo atendendo ás necesidades de cada alumno/a, seguindo as directrices do Artigo 51 da ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

6. Medidas de atención á diversidade

Farase uso dos seguintes mecanismos de adaptación do proceso de ensino-aprendizaxe, combinándoos cunha gran variedade de recursos que se adapten ás intelixencias múltiples, co fin de atender ás necesidades específicas do alumnado:

- Estratexias didácticas de indagación que lle permitan ao alumnado, seguindo unhas pautas definidas, poder traballar contidos de distinto tipo (textos, imaxes, vídeos) co propósito de estimular as diferentes intelixencias.
- Actividades de aprendizaxe grupais e cooperativas conformando uns grupos heteroxéneos, o cal permitirá levar a cabo unha aprendizaxe bidireccional, na que aqueles estudantes que se desenvolvan mellor na realización dunha

determinada tarefa, lles poidan ensinar aos seus compañeiros como resolvela.

- Tarefas de reforzo educativo cando algún alumno ou alumna precise afondar na adquisición dunha estratexia de aprendizaxe, concepto ou procedemento, a través dunha introdución máis básica, unha secuenciación de traballo máis lenta ou unha adaptación dos exercicios.
- Adaptacións non significativas no desenvolvemento das probas escritas e orais (tempos, modelo de exame, etc.)
- As adaptacións curriculares significativas deseñaranse tendo en conta os criterios e obxectivos da etapa, e adaptados ás necesidades do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Seccións bilingües	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Fomento da lectura		X	X		X		X	
ET.3 - Plan Dixital				X	X		X	
ET.4 - Plan de Igualdade		X	X	X	X		X	
ET.5 - Educación en valores		X	X		X		X	

	UD 9
ET.1 - Seccións bilingües	X
ET.2 - Fomento da lectura	X
ET.3 - Plan Dixital	
ET.4 - Plan de Igualdade	
ET.5 - Educación en valores	

Observacións:

1) Contribución ás seccións bilingües: o fomento e uso de linguas estranxeiras, neste caso o inglés, é un dos obxectivos fundamentais desta materia, razón pola cal boa parte dos materias de traballo preséntanse na lingua estranxeira.

2) Contribución ao fomento da lectura: a comprensión lectora é un recurso básico na materia de Cultura Clásica, xa que ao longo do curso realizaranse múltiples lecturas tanto de fragmentos como de obras completas relacionadas co mundo clásico de Grecia e Roma.

3) Contribución ao Plan Dixital: esta materia contribúe á adquisición das competencias dixitais do alumnado a través da realización de probas, a entrega de tarefas na aula virtual, ademais da procura de información na rede para a elaboración dos proxectos de investigación presentes en cada avaliación.

4) Contribución ao Plan de Igualdade: os contidos teóricos e prácticos desta materia foron seleccionados a partir da finalidade que se persigue neste proxecto, que trata de educar en igualdade, erradicar estereotipos e discriminacións por razóns de sexo, de identidade de xénero ou de orientación afectivo-sexual, e previr as súas consecuencias, tales como a violencia de xénero, a violencia contra as persoas con discapacidade e calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

5) Contribución á educación en valores: a incorporación da educación en valores democráticos como contido nesta materia queda totalmente tratada mediante o estudo da historia, da arte, da literatura, da vida e os costumes da antiga Grecia e a civilización romana, as cales ofrecen unha boa base para abordar os temas transversais, xa que por unha banda Grecia e Roma foron as creadoras dos principios que seguimos considerando modélicos, como a democracia e a liberdade, e doutra banda presenta aspectos conflictivos como o esclavismo, a discriminación sexual ou sometemento político duns pobos a outros.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visita ao xacemento arqueolóxico Aquis Querquennis	Visita ao complexo arqueolóxico romano Aquis Querquennis, situado en Porto Quintela, no Concello de Bande, dentro do parque natural Baixa Limia e Serra do Xurés.

Observacións:

Temporalización: 2ª ou 3ª avaliación.

Trátase dunha actividade a realizar en colaboración cos departamentos de Lingua Galega e Educación Física.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
PE1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
PE2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
PE3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
PE4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.

PE5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
PE6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
PE7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
PE8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
PE9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
PE10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
PE11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
PE12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
PD1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
PD2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
PD3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
PD4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
PD5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
PD6. Combínase o traballo individual e en equipo.
PD7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
PD8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
PD9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
PD10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
PD11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
PD12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
PD13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
PD14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.

Descrición:

Os indicadores de logro que comezan coas siglas PE fan referencia á avaliación do proceso de ensino e os que comezan coas siglas PD fan referencia á avaliación da práctica docente.

Ambos teñen como finalidade comprobar o funcionamento da propia programación mediante a realización de cuestionarios trimestrais de autoavaliación dirixidos ao docente, nos que se empregará unha escala de valoración numérica de 4 puntos, na que o 1 indicaría non ter conseguido o obxectivo, e o 4 telo conseguido en gran medida.

Estes mesmos indicadores serán adaptados para a realización de enquisas trimestrais nas que o alumnado poderá valorar o proceso de ensino-aprendizaxe e a práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Co fin de promover a reflexión sobre a práctica docente e a autoavaliación no desenvolvemento da programación didáctica, ao finalizar cada avaliación o departamento analizará as estatísticas sobre os resultados obtidos na mesma, prestando especial atención ao alumnado coas cualificacións menos satisfactorias. Nestes casos, indagarase sobre as posibles razóns destes resultados, elaborando cuestionarios para ser cumprimentados polo alumnado en torno aos materiais, distribución temporal, destrezas traballadas, metodoloxía e outros aspectos da programación.

De igual modo, proponse o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, facendo uso da mesma ao final de cada trimestre, para así poder propoñer as melloras no seguinte. A devandita ferramenta recollería os contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista e as medidas que se adoptarán como resultado desta revisión.

A devandita ferramenta consistiría nunha escala de valoración numérica de 4 puntos, cuxos indicadores terían como finalidade valorar os seguintes aspectos:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas e proxectos.
3. Desenvolvemento da programación segundo á secuenciación e á temporalización previstas.
4. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada criterio de avaliación.
5. Asignación a cada criterio de avaliación do peso correspondente na cualificación.
6. Asociación de cada criterio de avaliación cos elementos transversais a desenvolver.
7. Adecuación da secuencia de traballo na aula e no deseño das tarefas propostas.
8. Adecuación dos exames, tendo en conta a ponderación de cada criterio de avaliación.
9. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
10. Integración do Plan Dixital de centro no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados